

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 16 de abril de 2020**

Con data do dezaséis de abril do ano dous mil vinte, ás dez horas e trinta e cinco minutos, réunese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doportó Real

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DE URXENCIA DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2020.- A Secretaría

Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria de urxencia do día 7 de abril de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade,

adopta o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do día 7 de abril de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.-

A Área de Benestar, con data 13 de abril de 2020, emitiu un informe en relación coas solicitudes conformes presentadas á convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (Axudas EMP-POEJ) (BOP n.º 121 do 29 de maio de 2019).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Concederlles a subvención ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

N.º	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	ANDREA MARÍA REGUEIRA GONZALEZ	***1514**	CORTEGADA	COMERCIO AO POR MENOR DE CALZADO SEN ESTABLECEMENTO	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
2	DAVID GARCIA VALLADARES	***9602**	A RUA	COM.MAY. FROITAS E VERDURAS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
3	SONIA GOMEZ GONZALEZ	***8951**	SAN XOAN DE RIO	PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE XESTION ADMINISTRATIVA NO DOMICILIO FISCAL DA EMPRESA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
4	MANUEL ANTONIO OTERO CARREIRO	***3619**	BOBORÁS	VENTA DE AUTOMÓVILES E VEHÍCULOS DE MOTOR	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
5	ALBERTO DE SAN JUAN GONZALEZ	***3686**	XUNQUEIRA DE AMBIA	EDUCACION DEPORTIVA E RECREATIVA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

**Todo isto susceptible de calquera modificación que será convenientemente reflectida nas bases do programa.*

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB ADAS DO BARCO DE

VALDEORRAS.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2019 de modificación das bases de execución e do orzamento do exercicio 2019, e con cargo á aplicación 341.11/482.10, prevíase unha subvención nominativa, por importe de 1.000,00 euros ao Club ADAS Barco para participación Atleta veterano C. mundo.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención a favor do Club ADAS do Barco de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 1.000,00 €.

-Obxecto: Participación dun atleta veterano no campionato do mundo Máster ao aire libre, celebrado en Málaga do 8 ao 17 de setembro de 2018.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun gasto por contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (1.490,00 €). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de xuño de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición adicional 3ª do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:

Este acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manfeste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa. Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARNOIA E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUTURAS RURAIS,

DETERMINADOS PREDIOS E AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.

- No orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2019, estaba prevista con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00 “Medio Rural. Xunta de Galicia”, unha subvención por importe de 170.000,00 € para a adquisición de tractores rozadoras e cuxo beneficiario era a Xunta de Galicia.

No mes de outubro do ano 2019, asináronse convenios administrativos entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e os Concellos de Arnoia (data de sinatura do convenio 29.10.2019), Chandrexa de Queixa (data de sinatura do convenio 31.10.2019), Muíños (data de sinatura do convenio 31.10.2019) e Xunqueira de Espadanedo (data de sinatura do convenio 27.10.2019), respectivamente, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

En cada un dos convenios asinados, na súa cláusula sétima, relativa ás obrigas da Deputación Provincial de Ourense, indícase que a administración provincial financiará as accións obxecto do convenio cun importe de 42.500,00 €, e que o dito financiamento non será compatible con outras axudas establecidas por outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, para o mesmo fin, a excepción da axuda da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia contemplada no convenio.

No Pleno da Deputación Provincial que tivo lugar o día 29 de novembro de 2019, acordouse aprobar o expediente núm. 5/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019. No referido expediente, e con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00, e á vista dos convenios previamente asinados entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arnoia, Chandrexa de Queixa, Muíños e Xunqueira de Espadanedo, modificáronse os beneficiarios da referida subvención, pasando a ser os referidos concellos e polos importes que se detallan:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Arnoia	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Chandrexa de Queixa	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Muíños	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Tractor rozadora	42.500,00 €

Por todo o anteriormente exposto, consonte coas previsións do *artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o artigo 9 da Ordenanza xeral de subvencións da*

Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015), unha vez concluída a instrución do expediente da subvención nominativa de referencia, conforme á documentación presentada polo interesado, de acordo co establecido na vixente lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno (órgano competente, ao abeiro co establecido no artigo 2.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense) adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar o convenio de colaboración asinado con data 29.10.2019 entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Arnoia, e as súas adendas modificativas (1ª e 2ª), para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, aceptando íntegramente o seu clausulado.

2º. Conceder subvención nominativa co obxecto, contía e condicións seguintes:

- **Beneficiario:** Concello de Arnoia.

- **Obxecto:** Adquisición de un (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

- **Contía:** 42.500,00 euros.

3º. Vista a conta xustificativa presentada polo concello, aprobada por decreto da alcaldía de data 01.04.2020, **ter por xustificada a subvención concedida por un importe de 40.413,23 euros**, ordenando aos servizos de Intervención e Tesourería da Deputación que procedan ao pagamento ao concello da subvención xustificada por importe de 40.413,23 €.

5.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUTURAS RURAIS, DETERMINADOS PREDIOS E AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.- No Orzamento Xeral da

Deputación Provincial para o exercicio de 2019, estaba prevista con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00 “Medio Rural. Xunta de Galicia”, unha subvención por importe de 170.000,00 € para a adquisición de tractores rozadoras e cuxo beneficiario era a Xunta de Galicia.

No mes de outubro do ano 2019, asinaronse convenios administrativos entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e os Concellos de Arnoia (data de sinatura do convenio 29.10.2019), Chandrexa de Queixa (data de sinatura do convenio 31.10.2019), Muíños (data de sinatura do convenio 31.10.2019) e Xunqueira de Espadanedo (data de sinatura do convenio 27.10.2019), respectivamente, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

En cada un dos convenios asinados, na súa cláusula sétima, relativa ás obrigas da Deputación Provincial de Ourense, indícase que a administración provincial financiará as accións obxecto do convenio cun importe de 42.500,00 €, e que o dito financiamento non será compatible con outras axudas establecidas por outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, para o mesmo fin, a excepción da axuda da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia contemplada no convenio.

No Pleno da Deputación Provincial que tivo lugar o día 29 de novembro de 2019, acordouse aprobar o expediente núm. 5/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019. No referido expediente, e con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00, e á vista dos convenios previamente asinados entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Arnoia, Chandrexa de Queixa, Muíños e Xunqueira de Espadanedo, modificáronse os beneficiarios da referida subvención, pasando a ser os referidos concellos e polos importes que se detallan:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Arnoia	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Chandrexa de Queixa	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Muíños	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Tractor rozadora	42.500,00 €

Por todo o anteriormente exposto, consonte coas previsións do *artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o artigo 9 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*, unha vez concluída a instrución do expediente da subvención nominativa de referencia, conforme coa documentación presentada polo interesado, de acordo co establecido na vixente lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e de

conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno (órgano competente, ao abeiro co establecido no artigo 2.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense) adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar o convenio de colaboración asinado con data 31.10.2019 entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Chandrexa de Queixa, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, aceptando íntegramente o seu clausulado

2º. Conceder subvención nominativa co obxecto, contía e condicións seguintes:

- **Beneficiario:** Concello de Chandrexa de Queixa.
- **Obxecto:** Adquisición dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.
- **Contía:** 42.500,00 euros.

3º. Vista a conta xustificativa presentada polo concello de Chandrexa de Queixa, aprobada por decreto da Alcaldía de data 04.12.2019, **ter por xustificada a subvención concedida por un importe de 42.293,39 euros**, ordenando aos servizos de Intervención e Tesourería da Deputación que procedan ao pagamento ao concello da subvención xustificada por importe de 42.293,39 €.

6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MUÍÑOS E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUTURAS RURAIS, DETERMINADOS PREDIOS E AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.- No Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2019, estaba prevista con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00 “Medio Rural. Xunta de Galicia”, unha subvención por importe de 170.000,00 € para a adquisición de tractores rozadoras e cuxo beneficiario era a Xunta de Galicia.

No mes de outubro do ano 2019, asináronse convenios administrativos entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e os Concellos de Arnoia (data de sinatura do convenio 29.10.2019), Chandrexa de Queixa (data de sinatura do convenio 31.10.2019), Muíños (data de sinatura do convenio 31.10.2019) e Xunqueira de Espadanedo (data de sinatura do convenio 27.10.2019), respectivamente, para incentivar e fomentar o mantemento

e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

En cada un dos convenios asinados, na súa cláusula sétima, relativa ás obrigas da Deputación Provincial de Ourense, indícase que a administración provincial financiará as accións obxecto do convenio cun importe de 42.500,00 €, e que o dito financiamento non será compatible con outras axudas establecidas por outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, para o mesmo fin, a excepción da axuda da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia contemplada no convenio.

No Pleno da Deputación Provincial que tivo lugar o día 29 de novembro de 2019, acordouse aprobar o expediente núm. 5/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019. No referido expediente, e con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00, e a vista dos convenios previamente asinados entre a Xunta de Galicia e os concellos de Arnoia, Chandrexa de Queixa, Muíños e Xunqueira de Espadanedo, modificáronse os beneficiarios da referida subvención, pasando a ser os referidos concellos e polos importes que se detallan:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Arnoia	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Chandrexa de Queixa	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Muíños	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Tractor rozadora	42.500,00 €

Por todo o anteriormente exposto, consonte coas previsións do *artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e o artigo 9 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*, unha vez concluída a instrución do expediente da subvención nominativa de referencia, visto o informe emitido pola Secretaría Xeral, conforme coa documentación presentada polo interesado, de acordo co establecido na vixente lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno (órgano competente, ao abeiro co establecido no artigo 2.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense) adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar o convenio de colaboración asinado con data 31.10.2019 entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Muíños, para

incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, aceptando íntegramente o seu clausulado.

2º. Conceder subvención nominativa co obxecto, contía e condicións seguintes:

- **Beneficiario:** Concello de Muíños.

- **Obxecto:** Adquisición dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

- **Contía:** 42.500,00 euros.

- **Prazo de xustificación:** Ata a data 05.06.2020

- Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

7.- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO E A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUTURAS RURAIS, DETERMINADOS PREDIOS E AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA.

- No orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2019, estaba prevista con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00 “Medio Rural. Xunta de Galicia”, unha subvención por importe de 170.000,00 € para a adquisición de tractores rozadoras e cuxo beneficiario era a Xunta de Galicia.

No mes de outubro do ano 2019, asináronse convenios administrativos entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e os Concellos de Arnoia (data de sinatura do convenio 29.10.2019), Chandrexa de Queixa (data de sinatura do convenio 31.10.2019), Muíños (data de sinatura do convenio 31.10.2019) e Xunqueira de Espadanedo (data de sinatura do convenio 27.10.2019), respectivamente, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.

En cada un dos convenios asinados, na súa cláusula sétima, relativa ás obrigas da Deputación Provincial de Ourense, indícase que a administración provincial financiará as accións obxecto do convenio cun importe de 42.500,00 €, e que o dito financiamento non será compatible con outras axudas establecidas por outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, para o mesmo fin, a excepción da axuda da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia contemplada no convenio.

No Pleno da Deputación Provincial que tivo lugar o día 29 de novembro de 2019, acordouse aprobar o expediente núm. 5/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2019. No referido expediente, e con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00, e a vista dos convenios previamente asinados entre a Xunta de Galicia e os concellos de Arnoia, Chandrexa de Queixa, Muíños e Xunqueira de Espadanedo,

modificáronse os beneficiarios da referida subvención, pasando a ser os referidos concellos e polos importes que se detallan:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Arnoia	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Chandrexa de Queixa	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Muiños	Tractor rozadora	42.500,00 €
Concello de Xunqueira de Espadanedo	Tractor rozadora	42.500,00 €

Por todo o anteriormente exposto, consonte coas previsións do *artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o artigo 9 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*, unha vez concluída a instrución do expediente da subvención nominativa de referencia, visto o informe emitido pola Secretaría Xeral, conforme á documentación presentada polo interesado, de acordo co establecido na vixente lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno (órgano competente, ao abeiro co establecido no artigo 2.1 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense) adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar o convenio de colaboración asinado con data 27.10.2019 entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xunqueira de Espadanedo, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinados predios, e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, a través da adquisición, por parte de cada un dos concellos dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, aceptando íntegramente o seu clausulado.

2º. Conceder subvención nominativa co obxecto, contía e condicións seguintes:

- **Beneficiario:** Concello de Xunqueira de Espadanedo.
- **Obxecto:** Adquisición dun (1) tractor novo e dúas (2) rozadoras, unha trituradora e outra de brazo.
- **Contía:** 42.500,00 euros.
- **Prazo de xustificación:** Ata a data 05.06.2020
- **Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manfeste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa. Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e cincuenta minutos do referenciado día dezaséis de abril do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

